



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

Asunto: Aprobación do nomeamento de concelleira delegada.

Expte. TEDEC: 2022/G003/000008 (Decreto).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento ó que se refire este decreto, en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Vistos que en data 26/11/2021 don Jose Andrés García Cardeso, con DNI 33247290P, presenta, con número de rexistro de entrada 202100000001721, en representación dos concelleiros dos grupos do Partido Popular e de Compromiso por Galicia no Concello da Baña, moción de censura contra o naquel momento Alcalde, don Jose Antonio Pereira Gil propondo como candidato alternativo ó mesmo a Jose Andrés García Cardeso.

Visto que en data 14/12/2021 celébrase sesión plenaria extraordinaria, de conformidade e cos requisitos marcados polo artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, resultando aprobada a moción presentada en data 26/11/2021.

Visto o réxime de delegación de competencias da Alcaldía en favor dos concelleiros establecido nos artigos 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, mediante o que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Visto que é vontade da Alcaldía delegar en favor da concelleira don Lorena Trilo López, as competencias en materia de Cultura, Educación, Muller, Igualdade e Normalización Lingüística con efectos dende o día seguinte á aprobación da moción de censura (15 de decembro de 2021) en consonancia co disposto no artigo 43.5.b) del Real Decreto 2568/1986.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Aprobar a delegación dos servizos das áreas de Cultura, Educación, Muller, Igualdade e Normalización Lingüística con efectos dende o día seguinte á aprobación da moción de censura (15 de decembro de 2021) en consonancia co disposto no artigo 43.5.b) del Real Decreto 2568/1986, en favor da concelleira dona Lorena Trillo López.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Segundo.- Notificar persoalmente a presente resolución á designada, que se entenderá aceptada tacitamente, agás manifestación expresa.

Terceiro.- Remitir a resolución deste nomeamento ó Boletín Oficial da Provincia da Coruña para a súa publicación no mesmo.

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello da Baña

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación ós terceiros interesados no expediente.

Mándao e asínao o señor Alcalde, don Jose Andrés García Cardeso, do que eu secretario - interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.